

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia


- 1.1 32852 (10/CPC-000061)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. directora da Axencia Tributaria de Galicia para informar sobre a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

Punto 2. Preguntas

- 2.1 30899 (10/POC-004888)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á política demográfica que vén levando a cabo, a avaliación realizada en relación coa incidencia da perda de poboación nova e en idade de se reproducir, así como da política laboral no envellecemento da poboación, e as razóns da falta de aplicación de políticas ao respecto, nomeadamente para as provincias de Lugo e Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018
- 2.2 31062 (10/POC-004907)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a situación na que se atopa a cobertura de banda larga de última xeración nos concellos galegos e a opinión do Goberno galego respecto da incidencia nas limitacións existentes para o asentamento de poboación naqueles que teñen maior despoboamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018
- 2.3 32215 (10/POC-005066)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a valoración do Goberno galego referida á evolución que presenta a licitación pública en Galicia no ano 2017, en relación co ano 2016 e co conxunto do Estado, así como as consecuencias que vai ter nos orzamentos xerais do Estado destinados á Comunidade Autónoma



PARLAMENTO
DE GALICIA



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/07/2018 10:49:31